

02Institucional

Actividade institucional do reitor

No exercicio das súas responsabilidades estatutarias, o reitor preside ao longo do ano as reunións do Consello de Dirección, do Consello de Goberno e do Claustro e participa noutros órganos decisorios como o Consello Social, os consellos reitores do Campus do Mar, do INIBIC e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), da Fundación Empresa-Universidade de Galicia (FEUGA) e do CEIDA.

En representación da UDC, o reitor asistiu ás reunións ordinarias ou extraordinarias convocadas tanto polo Consello Galego de Universidades como polo Consello de Universidades (órgano de cooperación académica Goberno-reitores) e pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). Igualmente, participou en xuntanzas da Comisión para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia e en distintos encontros cos reitores das universidades de Santiago e de Vigo para coordinar actuacións de interese ou incidencia directa no sistema universitario galego. Esta relación amplíase, a través de organizacións comúns, con outros reitores españois de comunidades autónomas veciñas e cos reitores do Norte de Portugal.

Así mesmo, o máximo representante da UDC asistiu ás reunións dos padroados das fundacións ou institucións de que forma parte a institución: Parque Tecnolóxico de Galicia, Consello da Cultura, Luís Seoane, Fundación Cetal, Energylab, Universia, López Abente, Río do Pozo e outras.

Outro capítulo moi importante na actividade do reitor inclúe as xestións diante da presidencia e de varios departamentos da Xunta de Galicia –nomeadamente consellerías de Educación, de Facenda, de Industria, de Medio Ambiente e de Traballo e Benestar Social– e da Deputación da Coruña e os concellos da Coruña, Ferrol e Oleiros, os tres en que a UDC ten centros. Sucede o mesmo coa Delegación do Goberno en Ga-

licia e con outras escalas da Administración ou con entes de carácter público. Este é o caso das autoridades portuarias da Coruña e de Ferrol.

O reitor presidiu en 2012 algunhas actividades que, como as entregas de diplomas fin de carreira nos centros, a recepción aos estudantes Erasmus ou a apertura de curso na Universidade Sénior ou a Gala do Deporte da UDC, por poñer só algúns exemplos, se repiten ciclicamente cada ano. Outras revisten un carácter máis excepcional, como foi o nomeamento simultáneo de dous novos doutores “honoris causa”, o xornalista e escritor Manuel Rivas e o profesor John Rutherford, e a entrega da medalla de ouro da Universidade da Coruña ao profesor José María Barja, reitor da UDC entre 2004 e 2011.

A presenza do reitor é habitual naqueles actos de relevancia científica ou cultural a que o convidan institucións e entidades públicas ou privadas, particularmente nas áreas metropolitanas da Coruña e de Ferrol. A Xunta, os concellos da Coruña e Ferrol, a Deputación da Coruña, mais tamén o colexio de Avogados da Coruña, a Unión Profesional de Galicia, a Real Academia Galega, a Fundación de Enxeñaría Civil da Coruña, o Seminario Galego de Educación para a Paz, a Real Academia Galega de Ciencias, Fundación Barrié, Fundación CEER ou Hospital San Rafael, entre outros, organizaron actividades en que estivo presente o reitor da Universidade da Coruña.

Con empresas –tanto pemes como empresas de maior envergadura como Repsol, Inditex ou Indra– e asociacións empresariais mantéñense relacións canalizadas coa sinatura de convenios. Nuns casos trátase de contratos de servizos ou transferencia de tecnoloxía e noutros establécese un marco legal para que o estudantado poida realizar prácticas das súas respectivas especialidades.

Tipo de convenio	Número
Marco	36
Específico	123
Prácticas	618
Total	777

Cadro 1 Convenios asinados en 2012

A contía total dos convenios con anualidade en 2012 ascendeu a 2.138.616 euros.

Toma de posesión

O profesor Xosé Luís Armesto tomou posesión como reitor da UDC no curso dun acto solemne presidido polo presidente da Xunta e que se desenvolveu no Paraninfo o 13 de xaneiro. Ao acto tamén asistiu o conselleiro de Educación, os outros reitores galegos e numerosas autoridades, representacións institucionais e membros da comunidade universitaria que ateigaron o recinto, así como o reitor saínte, profesor José María Barja.

O novo reitor fixo unha firme defensa da universidade pública. “Creo na eficacia da universidade pública como motor da mobilidade social ascendente. Véxoa, ademais, como modelo de goberno corresponsable e vertebrador, eficaz por tanto. E, finalmente, enténdoa como instrumento esencial para o desenvolvemento económico, social e cultural do noso país”.

Logo de salientar a transcendencia da creación da universidade pública (“A creación da UDC fixo máis pola igualdade de oportunidades que a mellor política de bolsas”), Armesto gabou a eficiencia das universidades públicas, en xeral, e a da Coruña en particular. “Malia a situación xeral, o novo equipo herda unha universidade economicamente saneada, sen débedas. Non é pouco nestes momentos e queremos facelo valer, como parece lexítimo”, engadiu.

Noutro momento do seu discurso, o reitor lamentou a incoherencia de que se defenda publicamente o carácter estratéxico da Universidade e do investimento en ciencia e innovación mentres se recortan, de xeito drástico, os orzamentos que para estes fins destinan as administracións públicas. Reclamou un financiamento acorde que permita a sustentabilidade do modelo do sistema universitario galego. “Galicia –afirmou– necesita un sistema universitario sólido, ben cohesionado e coordinado, porque, sen dúbida, a fortaleza de cada unha das tres universidades serve e reforza á Universidade galega”.

No mesmo acto o reitor deulle posesión aos profesores e profesoras membros do seu equipo de goberno.

Día da Universidade

O Paraninfo acolleu o 17 de febreiro o acto de celebración do Día da Universidade, adiado ata esta data polo falecemento na praia do Orzán da Coruña dun estudante de intercambio Erasmus e de tres policía nacionais que tentaban rescatalo.

En presenza de profesores, autoridades, familiares e compañeiros, entregáronselle as principais distincións académicas aos alumnos e alumnas máis destacados: os recoñecidos polo seu expediente académico de bacharelato e os premios extraordinarios de fin de carreira e de doutoramento. Tamén se lle entregaron as insignias acreditativas aos novos doutores e douto-

ras da Universidade da Coruña. O reitor subliñou o valor da docencia e salientou o esforzo persoal e a constancia na procura da excelencia académica.

Honoris e Medalla de Ouro

A nosa universidade escribiu unha páxina singular no seu catálogo de recoñecementos cun acto celebrado o 23 de marzo e no que, de forma conxunta, se solemnizou o nomeamento do escritor coruñés Manuel Rivas e do profesor John Rutherford como novos doutores honoris causa e se lle entregou a Medalla de Ouro da UDC ao ex reitor José María Barja.

O profesor Carlos Paulo Martínez Pereiro encargouse da *laudatio* de Rivas, mentres o profesor Antonio R. de Toro fixo o propio co investigador inglés, gran embaixador da cultura galega no Reino Unido.

“A comunidade universitaria agradécelle a John Rutherford e a Manuel Rivas teren aceptado o doutoramento honoris causa. A través da docencia, da investigación, da información ou da creación literaria, os novos doutores veñen achegando, ao longo da súa traxectoria vital e profesional, un contributo de alto valor para a nosa cultura e para a súa proxección exterior”, dixo o reitor no seu discurso.

Pola súa banda, o profesor Barja recibiu a Medalla de Ouro da Universidade pola súa dedicación ao servizo da Universidade da Coruña. Ao lle conceder a Medalla, o Consello de Goberno destacou, entre os logros da súa xestión, a exemplaridade desde o punto de vista da xestión económica e o feito de completar con éxito o proceso de adaptación da oferta educativa ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Apertura do curso

Cada unha das universidades galegas asume, con carácter rotatorio, o encargo de organizar a apertu-

ra conxunta do curso no sistema universitario galego. Este ano correspondeulle á UDC. O sete de setembro, en presenza de numerosas autoridades e representacións, o profesor Javier Cudeiro pronunciou a lección inaugural sobre “O cerebro e a creación da realidade”.

O reitor deulle a benvinda aos novos estudantes dos campus da Coruña e de Ferrol e expuso as súas reflexións sobre a situación actual da Universidade, nun contexto de grave crise económica, social e institucional. O profesor Armesto referiuse ao “economicismo simplificador” co que desde determinados ámbitos se cuestionan os servizos públicos da sanidade, da educación ou dos servizos sociais “con parámetros de beneficio empresarial”.

Na súa defensa da universidade pública, o reitor pediu que a sociedade galega e as súas institucións de goberno poñan en valor no seu conxunto a eficiencia, económica e social, do modelo de universidade pública.

Parte da intervención dedicouna a reflectir a súa idea de que a Universidade europea, como analiza con profundidade nos seus escritos o profesor portugués Boaventura de Sousa, se atopa nunha encrucillada. A evolución do acontecementos e as consecuencias do proceso de globalización e da crise económica e financeira fan dubidar das reformas introducidas pola creación do Espazo Europeo de Educación Superior.

“Porque as reformas –advertiu o reitor– serán válidas na medida en que sexan útiles para enfrontar as disfuncións da universidade clásica, a resistencia ao cambio, a inercia estéril e a falta de participación democrática e na medida en que permitan incentivar a mellora docente e científica, a cultura da avaliación e o rendemento de contas”.

Actos institucionais en Ferrol

O 25 de outubro inaugurouse oficialmente o Centro Cultural Universitario. Neste novo edificio quedan instaladas as áreas de Deporte, Cultura e Cooperación e Voluntariado do Campus de Ferrol.

O días 2, 3 e 4 de agosto de 2012 desenvóléronse no Peirao Curuxeiras de Ferrol as actividades do Campus do Mar con motivo do proxecto “Mergúllate no Océano”. A actividade desenvolveuse nun recinto expositivo dividido temáticamente en cinco módulos co obxectivo de dar unha perspectiva ampla de todas as áreas de coñecemento que abarcan os investigadores do Campus do Mar (as TIC, Enxeñaría, Ecoloxía, Bioloxía, Oceanografía, etc.)

“Mergúllate no Océano” propón o achegamento das ciencias mariñas á sociedade a través da instalación en localidades da costa galega dun espazo divulgativo para todos os públicos.

Por outro lado, a Universidade da Coruña celebrou o 25 de outubro o Día do Deporte que, por primeira vez, trasladou os seus actos ao campus de Ferrol. O reitor, Xosé Luís Armesto, asistiu aos actos xunto coa vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres.

Ademais de diferentes competicións deportivas, procedeuse á entrega dos Premios UDC Deportes, o recoñecemento aos estudantes coruñeses que destacaron ao longo do curso nas diversas ligas e competicións universitarias.

Por último, como xa ven sendo habitual, durante 2012 seguiron a se realizar as actividades do programa “Visita o teu Campus” a través do cal os estudantes e pro-

fesores de bacharelato, formación profesional e ESO de institutos da comarca coñecen de cerca o mundo universitario que se desenvolve no campus de Ferrol.

Cátedra Jorge Juan

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Ferrol, e a Armada xestionan de xeito conxunto as actividades que vén desenvolvendo nos últimos anos a Cátedra Jorge Juan. Cada ano, de xeito alterno, correspóndelle a una ou outra institución designar un director.

Ata o 18 de outubro do 2012 exerceu a dirección D. Fernando Luis Agulló Leal, profesor titular da Facultade de CC. do Traballo da UDC. A partir desta data foi nomeado director o capitán de navío D. Federico Supervielle Pérez. En 2012 impartíronse un total de dez conferencias.

Premios de investigación

A Universidade da Coruña xestiona a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a convocatoria, conxunta co Concello de Ferrol, de dous premios de investigación. En 2012 outorgáronse os seguintes galardóns:

- VIII Premio de Investigación “**Concepción Arenal**” ao traballo titulado “*Valle-Inclán, poeta moderno no canonizado*”, cuxa investigadora principal é **Rosario Mascato Rey**.
- VIII Premio de Investigación “**González Llanos**” ao traballo titulado “*Reducción del consumo de combustible fósil y de las emisiones de CO₂ en buques de pasaje mediante la implementación de un nuevo diseño de colector solar térmico*” da autora **Ana Álvarez García**.

Comunicación

En 2012 consolidouse a presenza da Universidade da Coruña nas redes sociais, tanto en facebook como en twitter. Estas canles –máis especialmente no caso de twitter– convertéronse nun medio moi utilizado polos alumnos para preguntar dúbidas, achegar suxestións e criticar aspectos que lles parecían mellorables da Universidade da Coruña, dándoselles cumprida resposta de xeito inmediato.

A irrupción destas e doutras novas vías de comunicación tamén cambiou a relación do Gabinete de Comunicación cos xornalistas que cobren habitualmente a información relativa á actualidade universitaria. Por un lado, facebook e twitter operan como fontes de novas para os medios de comunicación, que seguen asiduamente as redes sociais da UDC, e polo outro, a comunicación bidireccional xa non se limita ao teléfono e ao correo electrónico, senón que se utiliza cada vez máis o envío de sms e de whatsapp.

Algúns datos significativos da actividade do Gabinete de Comunicación son os seguintes:

- Elaboración do resumo de prensa diario con novas relacionadas coa universidade, coa I+D e coa Universidade da Coruña aparecidas en 204 xornais e 246 revistas en soporte papel. O resumo de prensa ponse en aberto á disposición de todos os usuarios na páxina web da Universidade da Coruña. Os impactos da UDC rexistrados en prensa escrita foron 2.670.
- Edición de tres números da revista *Universidade & Sociedade (U+S)*, cunha tiraxe global de 9.200 exemplares en papel que se distribúen en empresas, institucións e institutos de ensino secundario en Galicia. A distribución dentro da comunidade universitaria faise a través do correo electrónico, da páxina web da UDC e das redes sociais.
- Redacción de 363 notas de prensa, enviadas a medios de comunicación xeneralistas de Galicia.
- Producción de 12 programas de radio en directo desde os distintos centros da Universidade da Coruña, en colaboración con Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz. Destacamos a emisión, por primeira vez de varios programas emitidos desde o campus de Ferrol, e a cobertura especial que se realizou con motivo da exposición “A Universidade coa empresa” no Obelisco da Coruña e nos Cantóns de Ferrol.
- Organización de roldas de prensa e comparecencias ante os medios de comunicación. Destaca a comparecencia do equipo de goberno da UDC nunha rolda de prensa para ler o comunicado conxunto de todos os reitores e reitoras das universidades públicas españolas “A Universidade, garantía de futuro”.
- Consolidación das redes sociais en que ten presenza a Universidade da Coruña: www.facebook.com/udc.gal e twitter, @UDC_gal. En facebook aumentou en 2.957 o número de seguidores, ata acadar a cifra de 5.690. As informacións publicadas en facebook teñen un alcance medio de 9.500 persoas á semana e chegan a un máximo de 14.700 persoas. Polo que respecta a twitter, a UDC aumentou 5.628 seguidores ata chegar a 9.371. Neste período, subíronse 1.909 tuits, chegando a un total de 3.259.
- No ámbito do márketing, salienta a edición do folleto de publicidade da Universidade da Coruña “*Uns cantos argumentos para elixir*”, con información das titulacións de grao e posgrao para o curso 2012-2013. Difundíronse 15.975 exemplares en galego, español e inglés, dos que 5.000 exemplares en galego se distribuíron en man entre os alumnos que realizaron as probas de acceso á Universidade nos campus da Coruña e Ferrol e 2.000 foron para a súa difusión nas feiras do ensino de Pontevedra e A

Coruña. O resto dos exemplares usáronse en feiras nacionais e internacionais, e repartíronse discrecionalmente desde o SAPE.

- Inserción de *banners* de publicidade da Universidade da Coruña en distintos medios dixitais. Destaca o

posto na páxina web de *La Voz de Galicia* entre os meses de abril e xuño, cun total de 65 insercións. Este *báner* tivo unha repercusión de 19.212.287 impresións que se traduciron en 5.590 clics directos á páxina web da Universidade da Coruña.

Responsabilidade social


A creación no actual equipo de goberno da Vicerreitoría que leva na súa denominación e na definición das súas funcións a “Responsabilidade Social” é unha mostra do compromiso da UDC.

No que atinxe a Atención á Diversidade entre outras medidas, cómpre salientar que neste ano se ampliou o banco de recursos de material adaptado para persoas con diversidade funcional e se fixeron melloras na accesibilidade a instalacións universitarias.

Durante o curso 2011-2012 houbo 146 persoas (76 mulleres e 70 homes) que se beneficiaron da exención de taxas por discapacidade na UDC o que represen-

tou un importe total de 86.369,99 € que se deixaron de cobrar en importe de matrícula.

En transporte adaptado e asistencia persoal para cubrir as necesidades específicas que pode presentar este alumnado investíuse un total de 51.656 €; debido á dificultade de acceso nalgunhas liñas do transporte público e ás necesidades dentro do propio centro que poida presentar unha persoa con mobilidade reducida, este servizo é moi importante. Dos 14 usuarios que este ano solicitaron algún apoio dentro da ADI, 8 son homes e 6 son mulleres, salientando que este ano tivemos un caso dunha estudante Erasmus que aproveitou os servizos prestados dende a nosa unidade.



Cadro 2 Solicitudes de servizos por persoas que piden exención de taxas por discapacidade

Igualdade de xénero

- Elaboración do Diagnóstico sobre a Igualdade de Xénero na UDC.
- Creación do Centro de Estudos de Xénero e Feministas CEXeF.
- Firma do Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Federación Scout ASDEGA (ASDE–scouts de Galicia) para a execución do proxecto «Camiñando cara á igualdade» desenvolto dentro do marco de acción dos programas de interese social a cargo do 0,7 % do IRPF do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.
- Desenvolvemento do proxecto *“En Acción pola Igualdade”* realizado en consorcio coa Fundación Axuda en Acción. Dentro da convocatoria de actividades de educación para o desenvolvemento convocada pola Dirección Xeral Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia (Resolución DOG 10 de outubro de 2011).
- Realizouse un curso de verán sobre a perspectiva de xénero no emprendemento e distintas xornadas sobre a violencia de xénero e sobre a perspectiva de xénero no voluntariado e na cooperación. Así mesmo, a Oficina de Igualdade de Xénero colaborou na organización das terceiras xornadas Muller e Ciencia, no cuarto ciclo de conferencia de xénero e deporte e no seminario internacional sobre xénero, transnacionalismo e desenvolvemento.

